

# A RULETA CHINESA

Rainer Werner Fassbinder, 1976

# 1797

ESTREA EN NUMAX: 17.07.2026 | V.O.S.E. | 86 min

“Ruleta chinesa” é unha parábola do mundo burgués, os seus ritos e mentiras. Ángela é unha adolescente inválida, filla de pais ricos e liberais; pero o seu odio cara a eles lévaa a tenderlles unha trampa para que unha fin de semana coincidan na súa casa de campo cos seus respectivos amantes.

# A RULETA CHINESA

Rainer Werner Fassbinder, 1976

# 1797

ESTREA EN NUMAX: 17.07.2026 | V.O.S.E. | 86 min

“Ruleta chinesa” é unha parábola do mundo burgués, os seus ritos e mentiras. Ángela é unha adolescente inválida, filla de pais ricos e liberais; pero o seu odio cara a eles lévaa a tenderlles unha trampa para que unha fin de semana coincidan na súa casa de campo cos seus respectivos amantes.



# A RULETA CHINESA

Rainer Werner Fassbinder, 1976

EUROPA  
CINEMAS  
Creative Europe MEDIA

## A educación burguesa

*A ruleta chinesa* é unha das películas máis sofisticadas de Fassbinder: levado pola idea de que as drogas o axudarían a aumentar a súa creatividade, realizou unha obra que compensaba unha liña argumental breve, mínima, case anecdótica, cun traballo de cámara exemplar, impresionante, que se desliza a través dos personaxes e os envolve unha e outra vez encadrándoos en poses moi estudadas, á vez que o director xoga con eles e os coloca como o faría un xogador de xadrez sobre un taboleiro para descubrir as relacións que entre todos se establecen. Os estantes de plexiglás que se distribúen no salón principal onde ten lugar gran parte dos feitos dobran, triplican, distorsionan ou cortan os rostros dos personaxes. Do mesmo xeito, a cámara dá voltas ao seu redor constantemente, e cando fica inmóbil, o foco en plano xeral, actuando como un bisturí, móvese até lograr un primeiro plano dun rostro situado ao fondo da imaxe. É coma se toda a enerxía, imaxinación e vitalidade que desprende a cámara puxese de manifesto a inmovilidade, a rixidez, a ausencia de vida dos personaxes, a constatación dun mundo petrificado, morto, aniquilado polas mentiras e hipocrisías da burguesía, demostrando constantemente que, como o texto de Rimbaud que le Angela, “Eu é outro”.

Se Fassbinder ata entón retratara nas súas películas a persoas que perderan parte da súa individualidade, con *A ruleta chinesa* dá a impresión de que os desposuíu da mesma por completo, reducíndoos a meros estereotipos da clase media-alta. Este aspecto tan importante é unha das razóns que, tristemente, provocou que nos atopemos ante unha obra incomprendida, sendo acusada a miúdo pola súa esquematismo, esquecendo que o verdadeiro protagonista é o único elemento dotado de vida: a cámara, que é quen coreografiando as súas accións psicolóxicas ten realmente algo que dicir ao espectador dos personaxes, e non eles mesmos nin a súa propia historia pois, como os bonecos da propia Angela, simplemente son monicreques dun xogo cuxas regras invisibles poden destruílos ata a morte.

Unha tarde pasou unha procesión por diante da casa onde ten lugar a acción e o equipo de rodaxe aproveitou este feito imprevisto para gravala. Fassbinder decidiu entón utilizar ese material na secuencia final. Como por si só non cumpría unha función narrativa, ocrúeselle utilizar sobre esas imaxes o disparo en off que se escoita desde dentro da casa, o Kyrie e a cita que contén as palabras que invariablemente se pronuncian en calquera cerimonia relixiosa: “Estades dispostos a contraer matrimonio, ser fieis e amarvos o un ao outro ata que a morte vos separe?”. Iso permitiulle poñer un punto e final certamente satírico e case apocalíptico a este ritual de falsas aparencias e enganoso.

A pesar de ser radicalmente diferentes a nivel estilístico, *O asado de Satán*, *Só quero que me ames* e *A ruleta chinesa* constitúen unha caste de triloxía sobre a sociedade que, aínda que abordada desde diferentes puntos de vista, encerra unha mesma conclusión: a identidade das persoas, sen importar a clase social da que proceden, é destruída pola educación burguesa e, en consecuencia, acaba derivando cara ao masoquismo na súa dimensión social, sexual e psicolóxica.

Publicado en [fassbindercineasta.com](http://fassbindercineasta.com)

NUMAX 10  
numax.org

# A RULETA CHINESA

Rainer Werner Fassbinder, 1976

EUROPA  
CINEMAS  
Creative Europe MEDIA

## A educación burguesa

*A ruleta chinesa* é unha das películas máis sofisticadas de Fassbinder: levado pola idea de que as drogas o axudarían a aumentar a súa creatividade, realizou unha obra que compensaba unha liña argumental breve, mínima, case anecdótica, cun traballo de cámara exemplar, impresionante, que se desliza a través dos personaxes e os envolve unha e outra vez encadrándoos en poses moi estudadas, á vez que o director xoga con eles e os coloca como o faría un xogador de xadrez sobre un taboleiro para descubrir as relacións que entre todos se establecen. Os estantes de plexiglás que se distribúen no salón principal onde ten lugar gran parte dos feitos dobran, triplican, distorsionan ou cortan os rostros dos personaxes. Do mesmo xeito, a cámara dá voltas ao seu redor constantemente, e cando fica inmóbil, o foco en plano xeral, actuando como un bisturí, móvese até lograr un primeiro plano dun rostro situado ao fondo da imaxe. É coma se toda a enerxía, imaxinación e vitalidade que desprende a cámara puxese de manifesto a inmovilidade, a rixidez, a ausencia de vida dos personaxes, a constatación dun mundo petrificado, morto, aniquilado polas mentiras e hipocrisías da burguesía, demostrando constantemente que, como o texto de Rimbaud que le Angela, “Eu é outro”.

Se Fassbinder ata entón retratara nas súas películas a persoas que perderan parte da súa individualidade, con *A ruleta chinesa* dá a impresión de que os desposuíu da mesma por completo, reducíndoos a meros estereotipos da clase media-alta. Este aspecto tan importante é unha das razóns que, tristemente, provocou que nos atopemos ante unha obra incomprendida, sendo acusada a miúdo pola súa esquematismo, esquecendo que o verdadeiro protagonista é o único elemento dotado de vida: a cámara, que é quen coreografiando as súas accións psicolóxicas ten realmente algo que dicir ao espectador dos personaxes, e non eles mesmos nin a súa propia historia pois, como os bonecos da propia Angela, simplemente son monicreques dun xogo cuxas regras invisibles poden destruílos ata a morte.

Unha tarde pasou unha procesión por diante da casa onde ten lugar a acción e o equipo de rodaxe aproveitou este feito imprevisto para gravala. Fassbinder decidiu entón utilizar ese material na secuencia final. Como por si só non cumpría unha función narrativa, ocrúeselle utilizar sobre esas imaxes o disparo en off que se escoita desde dentro da casa, o Kyrie e a cita que contén as palabras que invariablemente se pronuncian en calquera cerimonia relixiosa: “Estades dispostos a contraer matrimonio, ser fieis e amarvos o un ao outro ata que a morte vos separe?”. Iso permitiulle poñer un punto e final certamente satírico e case apocalíptico a este ritual de falsas aparencias e enganoso.

A pesar de ser radicalmente diferentes a nivel estilístico, *O asado de Satán*, *Só quero que me ames* e *A ruleta chinesa* constitúen unha caste de triloxía sobre a sociedade que, aínda que abordada desde diferentes puntos de vista, encerra unha mesma conclusión: a identidade das persoas, sen importar a clase social da que proceden, é destruída pola educación burguesa e, en consecuencia, acaba derivando cara ao masoquismo na súa dimensión social, sexual e psicolóxica.

Publicado en [fassbindercineasta.com](http://fassbindercineasta.com)

NUMAX 10  
numax.org